

12 sinais de alerta para a detección do autismo

Os trastornos do espectro autista (TEA) son un grupo de discapacidades do desenvolvemento que poden causar graves problemas de socialización e comunicación, indican os Centros para o Control e Prevención de Enfermidades (CDC).

Tres tipos de trastornos

Os CDC definen tres tipos de TEA: o trastorno autista (coñecido como o autismo clásico), no que o neno presenta atraso na linguaxe e desenvolvemento intelectual; o síndrome de Asperger, que adoita presentarse con algúns dos síntomas do autismo, pero en forma mais leve e o “trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado” ou autismo atípico, nenos que non teñen un diagnóstico de autismo ou Asperger pero se teñen problemas de socialización.

1

Non reacciona cando din o seu nome

Segundo indica o listado de sinais de alerta dos CDC, os nenos aos 12 meses xa teñen a capacidade de responder cun xesto ao seu nome. Se isto non acontece co paso do tempo, convén consultar co pediatra. Os CDC aclaran que en moitas ocasións se trata só dun pequeno atraso no desenvolvemento

2

Non sinala obxectos do seu interese

Cara aos 14 meses, explican os CDC, os pequenos xa teñen a capacidade de sinalar cousas que lles chaman a atención ou que desexan, un avión no ceo, un can ladrando, un doce que queren comer. Se isto non acontece, pode ser un sinal de atraso no desenvolvemento.

3

Non xoga con situacións imaxinarias

Darlle de comer a un xoguete é un típico xogo infantil que indica o desenvolvemento e que comeza cara aos 18 meses do neno. Que non aconteza

pode ser un sinal de TEA, trastornos que aparecen antes dos 3 anos e que dura toda a vida, indican os CDC.

4

Evita o contacto visual e xoga só

Que o neno non mire aos ollos cando se lle fala, é un típico sinal de alerta. O auto illamento tamén é outro trazo destes trastornos. Un de cada 150 nenos é diagnosticado cun tipo de TEA. E se ben non hai cura, a intervención temperá é esencial para unha mellor calidade de vida, explica a "Autism Society".

5

Ten dificultade para expresar sentimentos

O neno cun trastorno autista ten dificultade para comprender os sentimentos alleos e para expresar os propios. En moitos casos, desenvólvense ben ata os 24 meses, para logo deixar de adquirir destrezas como a capacidade de comunicarse, revelan os estudos.

6

Ten atrasos na linguaxe e fala

É un síntoma que adoita afectar a todo o espectro de TEA. As terapias temperás logran salvar esta barreira de comunicación na maioría dos casos, advirten os CDC. Expertos explican que un só destes síntomas non definen a un neno autista, senón unha combinación de gran parte deles.

7

Irrítase doado por cambios mínimos

O neno afectado por estes trastornos adoita ser irritable e os cambios mínimos cambian rapidamente o seu humor. Os pais comezan a observar que non se trata dos típicos malestares ou perrenchas senón de cambios de humor "distintos": o neno autista é difícil de confortar. É un sinal de alerta para falar co pediatra.

8

Abala o seu corpo como autómatas

Outros trazos moi típicos dos trastornos TEA son cando o neno se abala como autómatas, realiza un movemento de bater as súas mans ou xira en círculos. Non se trata dun movemento illado, aclara a "Autism Society", senón dunha conducta a repetición, que chama rapidamente a atención dos pais ou persoas próximas.

9

Reacciona de forma estraña

Por exemplo, berrar ou angustiarse esaxeradamente fronte a un ruído, ou rirse a berros en momentos inoportunos. Tamén temer a cousas inofensivas pero non ter conciencia de perigos reais. Os nenos con trastornos TEA graves poden chegar a danarse a si mesmos. Irrítanse se os sacas da rutina diaria.

10

Ten condutas obsesivas

Os CDC explican que moitos dos pequenos con estes trastornos teñen condutas obsesivas: querer ver un vídeo de principio a fin (incluídos anuncios e créditos) decenas de veces, amarear ou poñer en fila obxectos. Se non se lles permiten estas rutinas, teñen unha rabecha.

11

Non contesta o que se lle pregunta

O neno autista usa poucas palabras e adoita monologar: non escoita o que os demais lle din. A ciencia aínda investiga as causas destes males, pero sábese que o segredo está nos xenes, en trastornos conxénitos e no medio, pero non na forma de educar dos pais.

12

Repite sempre a mesma palabra

A repetición de palabras é un trazo que cruza todos os TEA, habitualmente é a palabra "mamá" ou "papá", a que din unha e outra vez, informa a "Autism Society". A campaña "aprenda os signos, reaccione pronto", dos CDC, axuda a



autismoGALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 Bxo.
15.703 Santiago de Compostela-A Coruña
Tlf. 981.589.365 Fax 981.589.344
info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org

detectar a tempo síntomas que se afasten do desenvolvemento normal dun pequeno.

Clave, atención temperá

En distintos estudos observouse que entre un tercio e a metade dos pais de nenos con TEA notaron un problema antes de que o pequeno cumprise o primeiro ano, e preto do 80 ao 90% observou problemas cara aos 24 meses. Toda intervención temperá é boa para o diagnóstico e o rápido tratamento.

